


IES AQUIS CELENIS
MAIO 2006 Nº8



**ADIVIÑA QUEN SON ESTAS PERSOAS
E GAÑA UN CD DE MÚSICA GALEGA**

Falade con Ramón



ÍNDICE

VIDA SOCIAL

Magosto no Instituto	PÁX. 4
Entroido	PÁX. 6
Visita de Toñito de Poi	PÁX. 8
Excursión Á Coruña e Meirama	PÁX. 10
Exposición de Arte Correo <i>Alfabetos</i>	PÁX. 12
Excursión a Pontevedra	
Museo	PÁX. 13
Teatro	PÁX. 15
Teatro en Pontevedra	PÁX. 17
Viaxe a Italia	PÁX. 18
Viaxe á neve	PÁX. 22

LITERATURA

"Un soño para todos"	PÁX. 24
"De ninguén... para ti"	PÁX. 26
Premios literarios <i>Aquis Celenis</i>	
ESO Poesía	PÁX. 32
ESO Narrativa	PÁX. 33
BACH Poesía	PÁX. 39
BACH Narrativa	PÁX. 42
"Nun bar calquera"	PÁX. 47
Palabras en Liberdade	PÁX. 49
Bob Marley	PÁX. 56
Frases profesóricas	PÁX. 58

NATUREZA

En contacto co universo	PÁX. 60
Espazos protexidos galegos	PÁX. 62

EDITORIAL

Imos dedicar este número a dúas persoas ben queridas e que lembraremos sempre: á nosa compañeira Sandra Padín Ordóñez, morta en accidente de tráfico este mes, e a Simon Badhuin, quen finou a inicios deste ano, un referente básico da arte postal.


- Tamén queremos agradecer ata o infinito a tódolos colaboradores/as o seu labor periodístico. O final de curso está a caer e a presión dos estudos e exames, aínda que sexa pouca, dificulta a saída da revista antes de que chegue o verán. Moitísimas grazas polo esforzo de última hora.

Como vedes no índice, este ano hai unha boa cantidade de literatura: que corra a tinta galega, que para iso está o idioma.


Ah, este ano esperamos que aos políticos lles acorde que debemos incluír no noso Estatuto de Autonomía a obriga de saber galego para toda a sociedade galega, queremos ser un país completamente normal.

RUXE-RUXE N° 8

IES AQUIS CELENIS



T
ADW!



TA VENTURA


Githaffany KELLY

-GR-

MAGOSTO

O magosto ou magusto non é máis que asar unhas castañas nunha fogueira. Pero a festa do magosto é a das colleitas; despois do Equinoccio, festa de lume, castañas e viño. Ten como día para a celebración o día de Tódolos Santos e, nalgúns lugares, o día de San Martiño. Xúntanse alí os dous froitos da terra: castañas e viño. Quizais cando se fai o magosto familiar ó viño se lle engade mel, como sinala o cantar.

Señora María,
señor Manuel,
castañas asadas
e viño cøn mel.




A festa do magosto era festa de rapaces e de mozas e mozos, festa de canto e baile. Levaban garrafóns de viño, picábanse as castañas e despois facíase unha larada estendendo unha capa de castañas e por riba leña miúda, carqueixas ou vides.

Rematado o labor de asar prepárase o sitio para comelas, acompañadas de viño. Hai unha cantiga na que se desprezan as castañas:

Non chas quero, non chas quero,
castañas do teu magosto;
non chas quero, non chas quero,
que me cheiran ó chamusco.

Todos nós estivemos de acordo en que o magosto do instituto foi un pouco triste. Gustaríanos que estivésemos todos xuntos no patio xogandò, falando e comendo as castañas; que ninguén marchase, e sobre todo os profesores; que nese día saísemos todos das clases a pasalo ben, e que ninguén quedase no ximnasio e nas aulas.

Tampouco había moitos xogos (só o da chave), actividades e cousas que facer, foi bastante aburrido. Na nosa opinión, faltou coordinación.



**Idalia Mariña Oubel, Ana Escanciano, Marta González,
Natalia Doval e Jorge Froján. 1º ESO**

ENTROIDO

Este ano o Entroido foi pouco concorrido porque non hubo comparsas nin carrozas, como outros anos. Sabedes de onde vén o carnaval? Hai varias zonas de Galiza onde se celebra o Entroido dun xeito peculiar pero galego.

As datas desta festa secular teñen que cadrar corenta días antes de Coresma segundo o calendario cristián, por iso non coincide nin o día nin a semana do mes cada ano.



O primeiro domingo que se celebra pode ser o oleiro ou fareleiro: faise unha rolda de xente e vaixe pasando unha ola. Se esta cae, págase unha prenda, como



deixarse enfariñar ou convidar a algo. Tamén se enfariñan uns aos outros. Se o domingo seguinte fose o de rapaces ou de cichotes, ese día zurríchanse formigas rabiosas en vinagre cunha xiringa de pau. O último domingo anterior denomínase "corredoiro". Hai zonas como a de Laracha (Norte de Carballo) onde aínda se seguían realizando ata hai pouco. Consistía no xuízo a un galgo que representaba o Entroido que debía morrer antes da Coesma, polo que ao final se lle arrincaba o pescozo dende un cabalo ao galope colgado dunha corda.

O xoves ou venres de compadres ou de comadres, segundo corresponda, os mozos ou as mozas poden meterse cos/coas do outro sexo e acaban queimando un moneco/a. Nestas festas fanse moitas bromas, como colgarlle a grade ou o carro a un veciño/a nun carballo ou facerlle "desaparecer" algo.

O domingo de Entroido é a festa xeral do disfrace, e o mércores seguinte, o de Cinsa, entérrase a sardiña, como en Pontevedra. O Rabachol é máis moderno. Era o loro dun señor que viviu hai uns cen anos na cidade.

Ademais na Terra temos uns representantes moi especiais en vilas como en Verín, onde saen os choqueiros; as pantallas son de Xinzo e os peliqueiros (pola leica para zorregar aos viandantes) andan por Laza. Os chocalleiros son os que levan as chocas ou chocallas, campás que leva o gando para oílo dende lonxe.

No instituto houbo bastante alumnado de Entroido e varios profesores/as disfrazáronse de bailaríns clásicos, con tutús e todo, para presentar o concurso de monólogos, que foi superdivertido. Un aplauso para eles/as!

VISITA DE TOÑITO DE POI


O xoves 16 de febreiro Toñito de Poi, o antigo cantante de "Os heredeiros da Crus", asistiu á nosa aula de música de 1º D, na que expuxemos un traballo sobre o rock and roll galego.



El compartiu con nós un pouco da historia sobre o rock; tamén nos falou do seu novo traballo musical co seu novo grupo chamado "A banda de Poi (Mor)", composto por seis músicos. O seu novo traballo, *O pirata*, é un traballo no que buscan a recuperación da memoria histórica tanto para Galicia como para Portugal. Tamén se reivindica neste proxecto unha conexión céltica de Galicia e Portugal con pobos do marco nor-atlántico, como Irlanda, Escocia, Bretaña ou Gales. Este disco alóngase do rock máis provocador e facilón da súa etapa "heredeira" para darlle unha volta de rosca ós contidos das súas cancións e busca a crítica social con "máis sentidiño". A filosofía da banda consiste na crítica dos abusos de poder, con base roqueira na tradición e na electrónica.

Despois de falarnos da historia do rock galego e do seu disco, contounos algunha anécdota da súa experiencia como músico. Ao final da clase deleitounos cun blues co noso acompañamento de xilófono, pratos e piano, como se puido ver no vídeo que puxeron no corredor de abaixo.

En definitiva, chegamos a unha conclusión: unha experiencia inesquecible na que Toñito foi un máis da clase.



Sara González Rigo. 1º Bach. D

EXCURSIÓN Á CORUÑA E MEIRAMA

O mes de abril fomos os grupos de 3º e 4º ESO, e 1º de Bacharelato B e C a unha excursión chea de anécdotas curiosas. Pola mañá fomos ata A Coruña bordeando o bonito e orixinal paseo marítimo (incluída a Torre de Hércules), que é a maneira máis doada de chegar en bus ata o acuario. O mar estaba bravo, así que non puidemos ver as focas que están nun estanque á parte, aínda que houbo



xente que estivo case na mesma costa, no exterior do acuario.

Vimos como se producen as ondas, quenllas pequenas que podías acariñar coa man, peixes da costa galega nadando en xigantescos acuarios que ocupaban toda unha parede, pequenos hipocampos ou cabaliños de mar, polbos pequenos pero matóns (algúns eran venenosos), unha das

derradeiras cazas da balea, diferentes tipos de area segundo a praia galega da que proceden, e o máis destacado: unha reprodución de parte do Nautilus, o submarino do literario Capitán Nemo.

É un acuario que rodea totalmente unha superficie de madeira, polo que poden seguirse facilmente os peixes coa vista e identificalos coa axuda dos profesores (Luís, David, Suso e Ramón).


Gustounos que a visita fose libre porque así se podía volver ver algo que interesase ou simplemente descansar nalgún asento. Os carteis explicativos estaban escritos a metade en castelán e a outra en galego pero nunca traducidos. O acuario debía mellorar neste aspecto e, xa de camiño, aproveitar para poñelos tamén en inglés. A Coruña recibe visitantes de todas as partes.

Xa bastante tarde, á unha e media, tiñamos cita no planetario da Casa das Ciencias. Logo de subirmos ata arriba de todo e vermos de pasada os dous pisos dedicados a unha exposición de fenómenos naturais físicos, sentámonos nunha gran sala con butacas algo cómodas (ao principio, logo quedabas entalado/a alí) e un señor díxonos en castrapo que iamos contemplar unha exposición sobre o ceo que se pode ver dende A Coruña e, logo, máis dende o Sur. A simulación tamén valía para que vísemos como funciona un planetario.


Durante máis de media hora escoitamos unha chea de nomes de estrelas e constelacións, e mais vimos as estrelas que dende Galiza non se chegan a ver pero si dende A Arxentina, como a Cruz do Sur ou as Nubes de Magalhães. Cando rematou, xa se atreveu a falar en galego e preguntounos se queriamos facer cuestións pero xa era hora de comer, así que fomos baixando nunha visita rápida polas distintas demostracións de como funciona a gravidade terrestre. A máis curiosa é o péndulo de Foucault que colga do centro do edificio. Pola rotación terrestre, o péndulo que abanea faino volvendo cada vez a un sitio un pouco máis á esquerda có anterior, polo que acaba dando unha volta diaria ao ir oscilando en planos distintos cada vez. Para demostralo, hai uns paus colocados en vertical que vai derrubando o péndulo ao longo do día.

Despois comemos en bares que había cerca da Casa das Ciencias. Mellor non dicimos nada disto, hai gustos para todo. Pola tarde achegámonos a Meirama, antes de Ordes, onde hai unha mina de lignito que se aproveita para queimar dende 1977 aproximadamente nunha central termoeléctrica que queda preto de alí. A mina era inmensa e traballábanse as vinte e catro horas do día tirando este tipo de carbón do subsolo e mandándoo por cinta transportadora ata a central para producir enerxía eléctrica. Como chovía, no entretempo explicáronnos que a xigantesca focha que crea a mina será convertida nunha lagoa natural como medida ecolóxica.

Pero, cando nos levaron nos dous buses ata a parte alta da mina para poder vela, tivemos que ir por unhas pistas que máis parecían corredeiras asfaltadas. O primeiro autobús, que conducía Benito, engancho a defensa traseira nunha curva pechada e o condutor do bus de atrás estaba que fendía nubes porque dicía que eran vehículos moi caros. Ao final saímos do labirinto e tiramos cara a Caldas aínda que non puidemos parar a descansar porque se puxo a chover ás cuncas, así que chegamos a Iso das seis ao Instituto. Mellor, porque había que estudar para os exames que había ao día seguinte.



EXPOSICIÓN DE ARTE CORREO *ALFABETOS*



"LA LETRA CHE"
BY SILVIO DE GRACIA
ALFABETOS
2005

Para nós esta ilustración móstranos que temos un alfabeto, que hai moitas linguas e maneiras diferentes de falar no mundo. Podemos comunicarnos coa xente en diferentes idiomas que podemos aprender rápido e, ás veces, facilmente porque están encadeados.

O Che Guevara foi un guerrilleiro que morreu en Bolivia loitando pola liberdade dos pobos de Sudamérica oprimidos polos E. U. A.

Óscar Caldelas Castro e Cristian Esperón Hermida. 2º da ESO.

VISITA AO MUSEO DE PONTEVEDRA

O pasado 3 de febreiro o alumnado de 1º e 2º de bacharelato realizamos unha excursión ao Museo de Pontevedra á que nos acompañaron o profesor Ramón Cruces e a profesora Dolores Castro.

A nosa saída consistía na visita ao museo polos alumnos de 2º de bacharelato á que logo se unirían os alumnos de 1º D debido a que eles ían ver unha obra no teatro Principal de Pontevedra titulada *Os homes só saben contar até tres*. Nós procederemos a explicar a visita ao museo.

Acompañad@s dun guía dirixímonos a un dos edificios pertencentes ao museo no que se atopaban restos arqueolóxicos de aras romanas, estelas e miliarios.



As aras romanas son altares que os noso antepasados galaico-romanos instalaban nos seus fogares como invocación e gratitude aos deuses. Polas aras romanas podemos coñecer detalles da vida daquela época con gran relevancia histórica; así mesmo puidemos ver aras atopadas en lugares como Cuntis ou Romai.

Logo ensináronnos estelas, que son como as actuais lápidas, que se colocaban sobre as tumbas das persoas e que conservan, inda a día de hoxe, as inscricións gravadas hai tantos anos. Estas estelas estaban decoradas con debuxos como homes, arcos, lúas... cun significado especial: os homes reflectían o traballo que realizaba o defunto; os arcos podían ser as portas do inferno; a lúa simbolizaba a noite ou a morte...

E por último, neste edificio visitamos os miliarios. Son unhas pedras grandes, colocadas de forma vertical, que os galaico-romanos poñían nas estradas sinalando distancias. Os miliarios estaban situados a partir do que eles chamaban "milium passum" (mil pasos) e ademais tiñan unha inscrición na que explicaban datos "políticos" daquela época, como en qué ano se erixira, quen era daquela o emperador, senadores e algún que outro cargo máis de carácter público...

Antes de pasarmos á outra parte do museo tamén puidemos ver restos arqueolóxicos rupestres procedentes de Campo Lameiro, pero con isto non nos paramos tanto porque nós somos estudantes de cultura clásica e tiñamos que centrarnos máis nos temas relacionados coa nosa materia.

Xa no edificio principal do museo, visitamos, cunha pouca máis de présa, as salas expostas, nas que contemplamos, por exemplo, o tesouro de Caldas de Reis, ourivería galega do Neolítico e tamén dos posteriores castros celtas, restos de materiais do Paleolítico, unha réplica da sala de oficiais do barco Numancia, unha reconstrución do despacho de Méndez Núñez (o capitán do Numancia), outra sala na que está a maioría das obras pitóricas de Castelao...

Só nos queda por comentar que esta visita foi moi interesante e que grazas a ela puidemos aprender algo máis sobre a nosa Historia e dunha forma amena e divertida.

Todos vós podedes visitar o Museo de Pontevedra xa que está aberto ao público e é totalmente gratuíto... así que xa non tendes escusa, non lle cerredes as portas ao saber...



2º Bach. I

OS HOMES SÓ CONTAN ATA TRES

A obra de teatro que vimos 1º D en Pontevedra chamábase *Os homes só contan ata tres*. Foi unha peza moi entretida na que dúas irmás eran as protagonistas.

Unha delas era máis atrevida cá outra: mentres que a primeira se viste dunha maneira máis destacada e provocadora, e traballaba como escritora teatral, a outra vestía con roupa menos rechamante e botaba o día sen saír da casa facendo as tarefas domésticas e lendo libros. Iso permitía que un veciño a atopase sempre na casa cando ía visitala para mocear con ela. Este non tiña moito carácter.



Un día a máis atrevida trouxo a vivir á casa un acróbata que era moi sensible pois dicía que se namoraba da xente pola intelixencia e non pola aparencia física. Unha vez esta tivo que marchar por causa do traballo e durante eses días el atopou un cartafol coas supostas obras da súa moza dentro, pero na parte exterior deste aparecía o nome da irmá, non o dela. Entón o mozo soubo que de quen realmente estaba namorado era da irmá, quen sempre andaba metida na casa, e os dous acabaron mantendo relacións de parella. Logo, el tentou de convencela para que dixese que certamente ela era a autora dos textos, pero esta, nun arrouto, matouno porque, malia todo, ela seguía querendo á irmá. Cando esta, elegante e chea de razón, entrou pola porta logo da viaxe e viu o corpo sen vida do seu mozo acróbata no salón, quixo chamar á Policía, mais a súa irmá ameazouna con acusala de que non era a autora das obras e mais, por riba, de que matara ao mozo. Nese intre, apareceu de visita o veciño, a quen a irmá asasina insta, contando ata tres, a axudala a agocha-lo cadáver do acróbata. A obra remata sen mostrar a resposta do veciño, pero suponse que este, para conseguir o amor da asasina, acabou axudándoa.

Na obra vese ademais o egoísmo dunha irmá cara á outra xa que aquela lle roubaba as súas ideas e historias, mentres que na outra irmá se nota un amor moi forte pola outra pois fora capaz de matar o amor da súa vida por non lle facer dano á irmá. Tamén foi moi curioso que puxesen imaxes de fondo do acróbata adestrando para deixar constancia do cambio que ocasionaba a súa presenza na casa das irmás. Ademais o escenario só constaba dunha mesa, un diván e unha cadeira. Sempre era o mesmo.

Á parte do inesperado e trágico final, a peza teatral gustounos porque contaba os sucesos facendo soamente alusión ao momento en que acababan, pero con ese final entendíase moi ben todo o que pasara.



Diana Díaz Caldas, Sara González Rigo e Estela Potel Torres. 1º I

Obra teatral: *Só sobre*



O pasado mes de febreiro o curso de 1º da ESO fomos ver a obra teatral co título *Só sobre* a Pontevedra. Foi unha excursión fantástica onde coñecemos un pouco máis do casco histórico da cidade. A obra era unha recreación entre o dramático e a comedia. Dividida en escenas e actos, trataba de dúas amigas que tentan pasar a vida buscando a felicidade. As actrices que as interpretaban actuaron marabillosamente.

O único malo foi que había certas expresións que non entendemos; se tivéssemos unha idade máis avanzada, seguro que comprenderíamos todo moito mellor. Aínda así, a obra estivo moi ben porque as actrices bailaban e cantaban moi ben. Tamén había un escenario moi orixinal. Por exemplo, fixeron un coche ao final cunha cama e uns tambores de lavaçora que antes usaban como armarios. É unha representación que recomendaría ver.

Clara Tobío Goldar. 1º ESO.

VIAXE A ITALIA



Antes de subir a aquel autobús, todo estaba triste: os pais despedíndose, o día chovendo... Esperábanos unha semana sen ver á nosa familia e ós compañeir@s que quedaban no instituto, pero unha vez no autobús, as cousas cambiaron; non sei se foi porque regalaban barras de chocolate ou porque se escoitou pola parte traseira do bus: "Unha semana sen pais". A xente comezou a animarse e a facer plans para a estancia en Italia.

Unha vez no aeroporto de Porto, e despois de facturarmos as maletas tivemos que esperar arredor dunha hora para embarcar no avión. Na tenda de revistas só había unha en castelán: a Playboy. Moita xente pensará que nesa revista o idioma no que está escrita non importa moito, pero... teñer razón xa que uns xaponeses que se encontraban preto nosa se achegaron para vela con nós, ata que pola tele comezaron a emitir unha partida de billar dun xaponés contra un inglés, só lles faltaban unhas bandeiras para animar o seu paisano.


Unha vez pisamos chan italiano, a Ramón xa lle pediron o carné por mirar para unhas maletas con pinta de táboas de surf. Logo de tanta histeria pola guerra, dirixímonos ao hotel e, desobedecendo os consellos dos profesores, que dicían que durmísemos todo o que puidésemos, comezou a primeira festa. Empezou un continuo movemento de xente, que previamente se citara por teléfono, cara á habitación 112. Nese cuarto xa había máis persoas ca espazo, ata que non se tiñan en pé e foron durmir. Uns durmiron un par de horas; outros, un par de minutos e outros non durmimos nada de nada, a pesar dos toques de Pedro, Loli e Ramón.

O día seguinte foi duro: o sono sumouse ao cansazo pola longa camiñada e moita xente quedaba durmida unha enriba doutra ou apoiada nas paredes dos edificios de Roma. Só espertaban cando había algo importante ao que facerlle unha foto, como á Praza de san Pedro. Xa no hotel, a xente facía concursos a ver quen sacaba máis contaminación do nariz xa que o aire estaba bastante contaminado; e esa mesma noite apareceu a pantasma da *escobilla* petando nalgunhas habitacións. Para o outro día quedábanos a parte antiga de Roma: o Coliseo, o Foro... e outra longa camiñada.

Na nosa viaxe cara a Firenze (Florenzia), fixemos unha paradiña en Siena e, despois de subirmos os 503 chanzos da súa torre, cantamos unha canción na praza, polas que sacamos uns quince euros. Os bos días



que estabamos pasando víronse alterados cando chegamos ao hotel preto de Firenze, en Monte Catini, pois dicíannos que non había cuartos para tod@s e unha parte do grupo tivo que trasladarse a outro hotel de alí. Pero pódovos asegurar que nos vingamos bastante ben cando abandonamos o hotel e fomos todos xuntos a outro, no que descubrimos que os cataláns non son "tan amarrados" como din, xa que nos trataron moi ben, moito mellor cá xente de Segovia que coñeceramos o día anterior.



RUXE-RUXE VIII



Á mañá seguinte puxemos rumbo cara a Venezia, parando en Bologna, onde moita xente se pasou ó partido comunista porque regalaban papel de liar e condóns como propaganda electoral. Despois de deixarmos as maletas no hotel, en Lido de Gesolo, a poucas millas por de Venezia, fomos cear todos xuntos a un restaurante onde nos puxeron unha pizzas máis grandes cá roda dun coche. Ao acabarmos de cear, uns pouc@s fomos a unha praia do mar Adriático, onde por casualidade e por sorte atopamos unhas cervexas pechadas.

Non sei qué impresión de nós levou o vixiante do hotel cando viu dúas persoas travestidas correndo dunha habitación a outra. Esa noite estivemos cunha croata que non podía crer que as súas amigas estivesen todas a durmir.

No barco que nos levou e trouxo de Venezia coñecemos a unhas francesas que eran demasiado pesadas. Para libramos delas tivemos que dicirlles que eramos homosexuais, así que comezaron a berrar e marcharon correndo pola cuberta adiante.

Daquela, logo desta viaxe, temos amigos en Cataluña e Croacia, e unha mala imaxe dos segovianos. Pero pola comida italiana, a excursión ben pagou a pena.

Daniel Piñeiro. 2º Bach.C.

VIAXE À NEVE

Moitos de nós emprendemos na noite do 25 de marzo unha viaxe que nos levaría a unha vila catalá, onde pasamos unha semana, da que, aínda hoxe, non teño moi claro o nome: Era Rialp? Era Sort? Era Port Ainé? Ou era quizais a cidade de don Quixote?

Todo comezou aquela noite. Chovera pola tarde pero, no momento de despedirmos as nosas familias e/ou amig@s, nin unha pinga (polo menos de chuvia) mollou as nosas caras. Logo da despedida, subimos no bus do que é mellor non se lembrar.

Na viaxe de ida, feita na súa maioría de noite, vímonos acompañad@s por algún que outro individuo empeñado en lembrarnos ás catro da madrugada en que provincia de España nos encontrabamos, así como de nos entreter con extensos e entretidos monólogos, polo que resulta evidente que a media de cancións durmidas por persoa fose dunhas cinco.

A iso das tres da tarde chegamos ao noso destino, logo de facermos as correspondentes paradas durante a noite e o día en gasolineiras ou cafetarias, todas elas situadas, sospeitosamente, moi preto de locais adicados a "certas actividades" que... ben, en fin, ¿a quen non lle soa a A3?

Unha vez dentro do hotel comprobamos que as nosas habitacións non eran o que esperabamos. Empezando polas camas con "enfermidades terminais" e acabando polas "minibañeiras"... Miña nai querida!! Aínda así, hai que resaltar que as instalacións eran realmente boas: piscina, pista de tenis, ximnasio, campo de fútbol, sala de xogos, "minidiscoteca"... é dicir, unha chea de actividades para pasarmos o tempo libre. Ademais disto, cabe destacarmos outro importante "servizo" do hotel: Lluís, o animador, un mozo moi simpático e cunha "atractiva personalidade" (atractivísima, diría eu) co que tivemos a honra de conversar, aínda que con mirar para el, xa case nos chegaba. Ademais a música de "DJ Lluís" foi a sintonía das nosas noites na disco.

Cada día tiñamos que levantarnos sobre a 7:30 e prepararnos. Logo baixabamos a almorzar e máis tarde colliamos o bus en dirección á estación de esquí. Eran estes uns dez minutos nos que os mareos estaban á orde do día: curva á dereita, curva á esquerda, piano, *chicane*...

Ao chegarmos, tiñamos que nos dirixir en telesquí ao lugar onde estaba gardado o noso material (botas, esquís, bastóns...).

Unha vez preparad@s, botabamos das dez ás doce do mediodía cos nosos monitores. Ao remataren as nosas clases, dispuñamos doutras dúas horas para poñermos en práctica o aprendido.

Ás dúas comiamos nun restaurante situado a pé de pista. Que dicirmos da comida? Pois, excluindo o feito de termos todos e cada un dos días as mesmas


patacas fritas e a mesma ensalada, polo demais, "excelente", o que contrasta especialmente coa viaxe do ano pasado.

Ao rematarmos o xantar íamos esquiar de novo por libre ata as catro e cuarto. Se hai algo que comentar da neve en especial, era o mal estado en que se atopaba nos últimos días. Inda que é certo que o primeiro día non era ningunha marabilla, moito peor estaría pasados varios días. Malia isto, pasámolo de medo. Ata algunhas das caídas resultaban graciosas e todo, pero non todas porque foron algunhas as que volveron á casa lesionadas. Houbo, mesmo así, caídas de todo tipo: que caes de cu, que caes de cabeza ou que dás un pinchacarneiro por enriba do valo de seguridade, "desapareces" pódolles o corazón nun puño ás túas compañeiras, que cren que estás caendo por un barranco e temendo pola túa vida e, de súpeto, apareces agarrada coas mans ao valado coma se estiveses colgada no baleiro e a punto de caer cando, en realidade, estás cuberta de neve ata as orellas (ou que, Enara).

O último día levamos a equipaxe no bus para a estación e, ao rematarmos a nosa última xornada, emprendemos a nosa viaxe de volta á casa parando para duchármolos e mesmo mercarmos os últimos agasallos na coñecida localidade de Sort, onde, outra cousa non, pero "meigas"...!!

Esta parte final da nosa viaxe foi máis tranquila. Na mañá do 1 de abril

chegamos á nosa Galicia. Despedimos en Santiago dous excelentes esquiadores que nos acompañaron na viaxe; e, sobre as once, chegamos a Caldas, onde nos esperaba o reencontro coa familia. Volvemos así máis moren@s e con numerosos "golpes", pero con moitas ganas de repetirmos, para o vindeiro ano, esta increíble experiencia.



Carmen Bacariza Rey.
1º Bach. A.

Un soño para todos

Cando era máis pequena, a miña querida avoa contoume unha preciosa historia que tivo lugar o día 14 de febreiro de hai moitos anos.

Había unha vez nun país onde só existía un lugar para a imaxinación nos máis pequenos. Neste país tamén había tres pequenas vilas e ningunha delas sabía o significado da palabra "paz". Estas tiñan os seus propios mandatarios: o rei dos trols, que era un ser inmenso, malvado e perverso; a pequena raíña, fada moi caprichosa e que voaba por onde se lle antollaba; e o rei dos trasnos, unha pequena criatura con moi mal carácter.



John Kelly

Un día a pequena fada voou sen permiso sobre a vila dos trasnos e a eles pareceulles moi mal. Como consecuencia disto, desatouse unha terrible guerra entre ambos os pobos. Aproveitando a situación, unha noite os trols, mentres as fadas durmían, asaltaron a outra vila para roubarlles a comida aos trasnos. Como eran moitos e a comida, escasa, decidiron facer o mesmo cá vila veciña dos trasnos. Cando estaban envoltos por un profundo sono, asaltáronos silandeiramente e roubáronlles toda a comida.

Así un e outro día, pero ninguén sospeitaba dos trols. Pasaban os días e con eles o desexo de vinganza dos pobos da discordia. Un día un trol borracho, mentres roubaba, fixo ruído e nese mesmo momento saíron dos seus agochos todas as fadas pensando que eran os trasnos. Pero, cal foi o seu asombro ao veren que os que roubaban non eran os trasnos senón os malvados trols! Estes, ao seren descubertos, botaron a correr e escaparon inmediatamente para que non os atrapasen as diminutas fadas voadoras.

Foron entón probar sorte á vila dos trasnos, mais o mesmo malvado trol sen querer volveu facer ruído e de novo pola súa culpa foron todos descubertos coas mans na masa. Daquela os trasnos organizaron unha reunión secreta coas fadas. Despois de deliberaren horas e horas, decidiron poñer fin á guerra e asinar un pacto eterno de paz.

Para daren un escarmento aos trols, idearon un plan e puxérono inmediatamente en práctica. Á mañá seguinte presentáronse na vila dos trols. Un exército de fadas que sucaban os ceos, axitando sen descanso as súas diminutas ás. Nos seus brazos levaban aos trasnos, con perrucas louras, con cueiros e cos arcos que Cupido lles prestou. Cando Cupido deu a orde, comezaron a disparar as súas frechas e, ao estas tocaren os seus corazóns, convertéronse en seres bondadosos e o odio desapareceu.

Os tres pobos, trasnos, fadas e trols, uníronse e formaron unha gran comunidade. O amor reinou para sempre.

María González Devesa. 4º da ESO.

DE
NINGUÉN...

...PARA
TI

Elisabet Reboredo Herselle. 2º Bach. E.

¿Que gaño con escribirche? Nada.
Total non sabes quen son.

¿Que gaño con sorrirche cando te vexo? Nada.
Total non sabes que te quero.

¿Que gaño con dicirche que te quero? Nada.
Total ti queres a outra.

Por iso non che escribo.
Por iso non che sorrío.
Por iso non che digo que te quero.

Pero...
¿Que perdo con intentalo? Nada.

Entón decido escribirche isto para que saibas que te quero,
Entón decido sorrirche cando te vexo.



Coma se fosses mar e eu praia,
Coma se terra fosses e eu herba,
Coma se atada estivera,
Coma se ti flor e eu pedra,
Pola que sobes e te encaramas,
De quen dependes,
a quen amas.


Coma se fose mar e ti rocha,
E contra ti quixera bater con forza,
Deixarme ir ó antollo dos ventos,
Cara a ti, mar a dentro,
Coma se ti muro e eu hedra,
Coma se eu de ti dependera,
Coma se ti me deras a vida,
Coma se sen ti nada fose...

*Así te sinto, meu...
Esperando sentirme túa.*

Noite...

*...que me asustas,
...que me levas a alma, con el,
...que me matas,
...que me axudas, quizais,
...que non queres deixarme soa
...que sempre estás aí, negra,
...que ás veces es clara e clareas contigo a mente, ás veces,
...que intentas derrotarme, pero non podes,
...que intentas delatarme, pero non o consegues,
...que queres unirnos, e nin sequera o intentas*

Noite parva, inútil, que non consegues nada do que te propós...





Si puidera dicirche con palabras todo o que sinto non me chegarían mil folios para facelo. Si puidera, pero non podo.

Si puidera contar contigo e saber que me queres non sabería explicar a ledicia que me inundaría. Si puidera, pero non podo.

Si puidera volverme louca e esquecerme de todo o que me rodea sería inmensamente feliz. Si puidera, pero non podo.

Si puidera voar e gritarlles a todos que te quero, estaría orgullosa de min mesma. Si puidera, pero non podo.

E...

¿Por que non podo?

Porque non quero, pensarás...

Porque non me deixan...

Porque non me atrevo...

Síntoma soa,
asustada por esta soidade,
que me abruma,
que me asusta, que me fai sentir fráxil, débil,
que non me deixa vivir,
nin respirar,
nin sentirme libre

...

Se ti estiveras todo cambiaría
¿por que non volves?
poderías, se quixeses,
e todo volvería ser igual,
seriamos felices,
se ti queres



...

¿Que fago? Non me fagas caso,
digo parvadas de nena namorada,
porque o estou, de ti.
¿Por que?, se me deixaches,
porque son parva, quizais,
parva pero namorada,
e non me arrepinto

...

VIII CONCURSO LITERARIO AQUIS CELENIS

PRIMEIRO PREMIO DE POESÍA – ESO

Unha nova estación

Xa todo mudou a súa cor,
xa a tristeza se tornou alegría,
xa os paxaros rideiros voan,
xa o amor florece.

As cores escuras volvéronse claras,
o gris do ceo tornouse nun claro e luminoso azul,
as rosas, os caraveis, as margaridas
forman todas elas un abano de cores.

A soidade do outono,
a súa melancolía e o seu frío ollar tornan en luz,
o ceo parece abrirse
dando paso a unha inmensa paz, sosego e harmonía.

O doce cantar dos alegres paxaros
convértese na sintonía dos días de primavera;
o tranquilo voo das gaivotas,
os movementos das pombas cara ao sol,
os inqedos e alegres paporrubios,
todos eles con compasados movementos,
que a natureza lles parece outorgar na primavera.

Os namorados danzan entre as papoulas,
o amor parece estar presente en cada recuncho
e a ledicia ródéa a xente.

En definitiva a primavera é o florecemento da felicidade,
a felicidade que se vira apagada no outono.



M^a José Bacariza Rey. 3^o ESO

PRIMEIRO PREMIO DE NARRATIVA – ESO

O sono

Nun bosque na beira de Mondariz vivían en harmonía os trasnos, as fadas e os gnomos. Os trasnos dedicábanse a facer trasnadas, as fadas a coidar a natureza e os gnomos a velar pola seguridade de todos. Un día todo iso cambiou: o bosque comezou a mucharse e as fadas non podían facer nada, os trasnos aburríanse e os gnomos deixaron de vixiar. A suave brisa que aloumiñaba as copas das árbores converteuse nun furacán...

-Óscar, Óscar, lesperta! -dixo unha voz.

Óscar atopábase tumbado no chan da súa clase ó longo. Desvanecérase. Pero fora un desmaio estraño: vira un bosque, trasnos, fadas e gnomos. Todo aquilo era moi estraño e parecía tan real... pero non, non podía ser real e á parte todo aquilo non existía. Mentres cavilaba naquilo viu como Xacobe, un rapaz fantasioso que cría todo o que lle dicían, metía nun peto do seu anorak unhas figuriñas.

De camiño á súa casa Óscar foi con Xacobe e o rapaz intentáballo meter na cabeza que o que vira era real. Óscar non remataba de crer como aquel rapaz era capaz de crer calquera cousa. Ó chegar á casa de Xacobe invitouno a subir. E, xa arriba, dixo Xacobe:

-¿Por que non cres o que che



estou dicindo?

-Mira, Xacobe, o que a ti che falta e máis dun tornillo. Pero que a ti che falten non quere dicir que ós demais tamén. Agora escoita: n-o-n é real -dixo Óscar empezando a perder os estribos.

-Xa que queres saber o que é real ou non ¡Mira! -dixo Xacobe, e sacou as figuriñas que Óscar vira como gardaba no peto do anorak, aínda que non eran figuriñas: eran un trasno, unha fada e un gnomo.

-Eu -dixo o trasno- son Homeópato.

-Pois eu son Azalea -dixo a fada.

-Eu chámome Casimiro (aínda que case nunca miro) -dixo o gnomo.

Óscar non saía do seu asombro ó ver que aquelas figuras falaban. Non quería crer aquilo, antes pensaba que esas criaturas non existían, pero agora empezaba a ver o equivocado que estaba.

-Teño aquí escondidos na miña casa os tres pobos, estes só son os que mellor me caen -dixo Xacobe-. Acompáñanme a tódolos lugares.

-Entón...¿Onde están os outros? -preguntou Óscar.

-Están agochados no faiado da miña casa -dixo Xacobe-. Cando miña nai sae da casa eles saen do seu agocho e van comer.

-Agora que xa vos coñezo gustárame saber que pasou -dixo Óscar.

-O seu bosque estase a destruír -dixo Xacobe.

-¿Como que se esta a destruír? -preguntou Óscar sen entender.

-Mellor é que fales co resto do pobo pra obter respostas -dixeron Xacobe e Homeópato ó unísono.



Subiron ó faiado e Óscar case se desmaia da impresión: o que alí había era milleiros de trasnos, de fadas e de gnomos.

-Ben, ¿quen me vai explicar o que está a pasar? -preguntou Óscar.

-¡Eul- dixo un dos trasnos máis xoves.

-Si, el é o que máis sabe do asunto - dixo o feiticeiro da tribo dos trasnos.

-Comeza a contarme todo o que saibas -dixo Óscar.

-Ben. Chámome Ramonciño e hai xa uns anos, eu e maila miña moza, fomos atacados polo espírito dunha meiga que hai moitos millóns de anos intentou matar a Breogán (Pai de Galiza) pero non o conseguiu porque nese intre, It (o fillo deste) voltou de Irlanda e matouna. Pero



o seu espírito non desapareceu e comezou a facer maldades. Grazas a un poboado de animais da fraga do Eume conseguimos derrotala. Pouco despois de iso fixemos un acordo coas fadas e cos gnomos e viñemos a vivir aquí. O que non sabiamos era que a meiga en segredo antes de desaparecer pra sempre, creou unhas criaturas iguais ca ela. Son espíritos poderosos que cun aceno destruírían unha cidade. Non só estamos en perigo nós e o bosque: tamén o estades vós. -E así rematou de falar e retirouse para deixar falar ós demais.

Óscar quedou estupefacto: nunca antes se sentira tan temeroso de morrer. Para el morrer era normal, pero daquela maneira non. Tomara unha decisión e ía dicírllela a todas esas criaturas.

-¿Que dis Óscar? ¿Axudaralos ou non? -preguntou Xacobe.

-D... De acordo axudareivos- dixo Óscar e todos se puxeron a aplaudir.

-Ben, entón levémolo ata a cova -dixeron.

Ó cabo dun rato encontrábase diante dunha cova con Xacobe e ro-

deado de trasnos, fadas e gnomos. O feiticeiro dos trasnos díxolle a Óscar:

-Cremos que é nesta cova onde se ocultan pra facer os seus maleficios pois antes de marcharnos do bosque vimos como dela saía de cando en vez unha luceciña vermella que percorría o bosque. Cando iso sucedía un vendaval comezaba a azoutar as ponlas das árbores- explicou o feiticeiro.

Ben, deixádeme un ratiño pra pensar un plan e logo pasaremos á acción -dixo Óscar.

E, ívaia se pensoul. Estivo pensando durante unha lenta e desesperante hora e, cando tivo un plan, asegurouse de que non houbera fallos. Logo expúxollo a todos. Despois de dicilo partiron o trasno Ramonciño e a súa moza Mariola á fraga do Eume. Logo os demais preparáronse pra entrar en acción. O que tiñan que facer era sinxelo: tiñan que distraer os espíritos. Un gnomo, unha fada e un trasno tiñan que entrar na cova e facer que os espíritos non

sáiran mentres non chegaran os trasnos que enviaran á fraga. O trasno, o gnomo e a fada entraron na cova e a fada fixo crecer na porta unha planta enorme que a taponaba por completo. Entón todo comezou. En canto divisaron os espíritos a fada comezou a crear escudos de plantas increíbles, o trasno colouse antes de que a fada acabase e comezou a facer das súas. O primeiro que fixo foi converterse nunha eiruga mentres elevaba unha pregaria a San Ciprián. Comezou a tecer seda arredor dos espíritos ata que estes pareceron momias. Entón deuse conta de que só eran catro e el pensara que eran cinco. Nese intre sobre el erguíase unha alta




e maxestosa sombra. Entrementres, fora xa habían chegado os mensaxeiros có pobo de animais das fragas do Eume. Preparábanse pra atacar ás sombras cando se dera o momento. Nese intre oíuse un gran ruído e empezaron a pórse nerviosos.

-Temos que asustar ás sombras -dixo o feiticeiro, e contóulle-lo plan a algúns animais.

Dentro estaba o trasno, que se chamaba Breogán, moi asustado pois detrás del había unha das sombras. En canto deu a volta viu que a sombra se estaba preparando pra botar un maleficio, pero entón unha gran luz inundou a cova e veu como unha especie de deus coma un trasno: era o espírito Senseacabou, o feiticeiro mais poderoso de tódolos trasnos. E el dixo cunha voz grave e retumbante:

-EU SON SENSEACABOU. Todo aquel que non me obedeza será castigado.

Todos sabían que Senseacabou era temido polos espíritos. Aquilo era demasiado pra Breogán e entón comezou a correr. Na súa fuxida tropezou cun pé e caeu. O dono do pé arrastrouno ata el e tapoulle a boca. Era Óscar. Entón comprendeu todo. O feiticeiro que había visto só era un trasno normal, a luz provocábana un gnomo e mais unha fada que estaban ó lado de Óscar, e Óscar e Xacobe ocupábanse dos sons. Óscar e Xacobe xa habían feito algo parecido nunha obra de teatro do colexio, hai xa uns anos. Óscar



era un xigante e Xacobe facía o ruído dos tronos dunha tormenta que se abatía sobre o xigante. Naquel instante o suposto Senseacabou levantou un brazo e Xacobe fixo un trono tan realista que Breogán deu un pincharagato. Cando se

sentiu mellor despois do susto, intentou escoitar o que dicían:

-Ti sabes ben quen son. Agora non me podes facer nada pero eu a ti si. Aconsellárate que te transformases en humano, así non te farei nada. Despois faille o mesmo os teus compañeiros e perdoareivos a vida.

O espírito estaba tan asustado que obedeceu o que lle dixo o trasno e despois convenceu os seus compañeiros de que fixeran o mesmo. Entón o trasno ó verse obedecido desapareceu cun trono.

Os feiticeiros (pois xa non eran espíritos) non se deron conta de que caeran nunha trampa cando viron ó poboado dos animais. Entón comezaron a lanzar maldicións a destro e sinistro. Nun momento Óscar veu coma un raio ía directamente cara o feiticeiro dos trasnos. Óscar non puido máis e lanzouse cara el e salvouno polos pelos. Entón, todas as fadas fixeron moitos escudos de plantas e os gnomos fixeron que a cova caera sobre os feiticeiros. Nese intre o feiticeiro dos trasnos fixo aparecer o pobo dos animais dentro dos escudos pra atacaren ás sombras. O último que escoitaron deles foi un chíío arrepiante.

De volta ó poboado dos trasnos, das fadas e dos gnomos, agradecéronlle moito a súa axuda nomeándoo amigo eterno. Óscar non remataba de creerse que todo rematara felizmente. Despois de festexalo por todo o alto, Óscar e Xacobe voltaron as súas casas.

Uns anos despois estando Óscar casado, andaba polo salón da súa casa, entón chamouno a súa muller. El acudiu á súa chamada e cando voltou dixo:

-Ben, ¿por onde iamos?

Diante del estaban os trasnos, os fadas e os gnomos.



Beltrán Álvarez Pérez. 2º A

PREMIOS *EX AEQUO* DE POESÍA – BACH.

Soa

Soa.


Soa, de novo soa.
Xa nada me acompaña.
Mesmo a luz me abandonou.
Sinto a vida afastarse.
Sinto a morte ó meu carón
mais non sei que facer.

Soa.


Soa, de novo soa;
coma unha illa no medio do inmenso océano.
Un náufrago máis na terra da vaidade;
vaidade que Rosalía cantou.
Rodeada estou de xente, pero soa á vez.

Soa.

Soa, de novo soa.
Os demais danzan posuídos ó meu redor
coma bolboretas se moven.
"Deusa de todo mal" me chaman.
Mais, ¡eu ben sei o que queren!
¡Queren volverme tola!
¡Arrincarme a triste e pobre alma do meu corazón!
Hipnotizados polo poder,
Só queren deixarme soa.
Soa, de novo soa.



Falan mais non se escoitan;
coma tolos se moven;
só a cobiza e a envexa os guía.
Escravos do seu propio medo.
Mestres da falsidade que os nutre.
Donos do mundo que cren posuír.
¡Pobres ignorantes!
¡Perecerán sós, coma min!
Eu falo, mais ninguén me escoita
a min non hai quen me queira
porque eu estou soa.
Soa.
Soa, de novo soa.



Carmiña Bacariza Rey. 1º A

O SOÑO

A música corre nas veas
facéndome soñar contigo
e cando parou, sentín
o sangue de negro tinguido.

Só nos une a música,
o demais é simple e frío
como as bágoas choradas
despois de soñar contigo.

Emana do meu brazo
o sangue tinguido
a súa cor vermella
a negra cor do sentido.

Vou esquecendo o corpo
deixando todo camiño
non importa o meu ser
non ten o teu cariño.

Só recordo a túa voz
dicíndome ao oído
foi moi divertido
pero quedou no *olvido*.

O amencer foi sorprendido
o soño interrompido
e o amor que compartimos
bastou para estarmos vivos.

Así rematou esta noite
só foi un soño durmido
no que teño o valor
no que mato este inverno frío.

Vanessa Casal Gándara. 1º D

PRIMEIRO PREMIO DE NARRATIVA – BACH.

CO MEDO NO CORPO

Galiza é un terra con encanto, con boa xente e con moitas tradicións. ¿Ti nunca escoitaches ningunha?, porque eu si. ¿Nunca che falaron da santa compañía? De seguro que si, aínda así eu vouche falar dela nas seguintes liñas.

Esta santa é moi particular, tan particular que non hai outra igual. É a santa da compañía, iso quere dicir que vai sempre contigo. Agora vouche relatar o que me pasou a min relacionado con esta santa:

Un día coma outro calquera vou para a cama a durmir e cando cerro os ollos aparece un ataúde con alguén no se interior. Xesús!, que medo, ¿Que era aquilo?, non era capaz de voltar a cerrar os ollos, por medo a ver aquela imaxe aterradora outra vez. Tiña tanto medo a cerrar os ollos que fun para a cama de miña avoa e esperteina para contarlle o que me acababa de acontecer, e ela díxome:

-Non sexas parviñá que ese é un conto de vellos, hoxe ninguén ve a santa compañía. Anda muller vai durmir. Ata mañá.

Fíxenlle caso a miña avoa e fun durmir. E cando cerrei os ollos vin a alguén coñecido nese cadaleito, era un veciño meu. Pero cando espertei pola mañá acordábame do soño que tivera pero non de quen estaba dentro dese, xa maldito, ataúde. Esa mañá no almorzo conteille a miña avoa o soño que tivera, pero ela díxome que eso só eran parvadas miñas. Ser serían parvadas miñas pero eu tíñalle moito medo a esas parvadas.

Esa mañá estiven pensando moito e decateime de que esas imaxes empezaran a roldar pola miña mente cando meu pai, un día, me contara que unha veciña da súa infancia podía ver a santa compañía, eu quedei abraiada. Tamén me dixo que antes íase andando os enterros pola noite, e que unha vez que ía el cara un velorio, a veciña



que podía ver a santa, a mesma que me estaba empezando a atormentar a min, tivo unha visión e meu pai que era un trasno agarroulle o mandil e puido ver a caixa do defunto, pero como era un neno, separárono da señora, ademais dicían que cando unha persoa estaba tendo unha visión non a podía tocar ninguén. Cando me acordei diso, en seguida, quixen coñecer a esa muller, pero xa falecera. ¿Agora a quen ía recorrer eu? ¿Quen pode entender o que me pasa? Precisaba a alguén que non me dixera que eran parvadas miñas.

Como meu pai me veu tan mal por eses soños, díxome que a seu amigo Xosé Luís tamén podía ver a santa compañía, pero non demasiadas veces. Cando me falou deste amigo, o cal eu si que coñezo, e que está vivo, contoume unha anécdota. Un día ía meu pai, Xosé Luís e máis xente cara un velorio, cando de repente Xosé Luís dixo:

-Máis vale que o que acabo de ver non sexa certo.

Xosé acababa de ter unha aparición, pero seguiron andando cara o velorio, e o día seguinte souberon que o veciño que Xosé Luís vira na súa visión morrera. Meu pai tamén me dixo que os que vía a santa compañía, era porque cando naceron foron bautizados cos santos óleos dos mortos. Os que non a vían, por tanto, eran aqueles que estaban bautizados cos santos óleos dos vivos. Agora preguntarédesvos ¿cales son ós que ven e ós que non á santa compañía?, ¿como se elixe ós que a ven e os que non? Pois veredes un nen@ era bautizado cos santos óleos dos mortos e o seguinte en ser bautizado cos santos óleos dos vivos.

A min gustábame saber algo máis da santa á que vía, iso relaxábame, porque xa non era un misterio para min. Pero o mesmo tempo sentía moito medo, xa que saber quen vai morrer e non poder facer nada para evitalo é moi tormentoso para min.





Durante uns días esquecinme do tema, porque a santa compañía non me quitaba o sono. Pero unha noite cando cerrei os ollos vin un ataúde e dentro estaba a veciña máis vella da miña aldea. Cando o día seguinte miña nai me dixo que morrera pensei que morría eu tamén. Quixen ir o velorio para saber se todo estaba igual que no meu soño, cando cheguei alí e vin aquel ataúde, que eu xa vira, aquela muller vestida tal como eu a vira a noite anterior, invadiume un medo atroz, e fuxín de alí a correr e chorando a cántaros. Tamén ía pensando, para min, que non quería volver ver esa maldita santa que estaba empezando a tolearme, estaba claro que non eran parvadas miñas. Despois do

que pasara coa miña veciña miña avoa e todos na miña casa empezaron a crer que non eran parvadas miñas.

Despois do enterro da miña veciña eu sentíame culpable, ¿Por que como era posible que eu soubera que ía morrer?, e, ¿como fun quen de non facer nada para axudala? Sentíame unha mala persoa, ¿Cómo podía ser tan mala? Estiven así un par de meses, sentíndome culpable daquela morte tan inxusta, polo menos para min. Miña nai, para consolarme, dicíame que só fora unha casualidade e que non fora culpa miña. Que eu non tiña a culpa de ver a quen vía e que esa muller morrera cando eu a vira.

Cando xa me estaba a recuperar do acontecido, ben sexa dito que foi grazas a miña familia e a que esa santa que me atormentaba non aparecera neses meses, volví ter unha aparición mentres durmía, esta vez dentro da caixa estaba meu avó. O máis increíble e que sabendo ese terrible acontecemento non despertara ata a mañá seguinte co son do telefono da miña casa. Cando collín o teléfono e escoitei a voz do meu tío dándome a desagradable nova, pensei que non era certo, que me estaba volvendo tola. Cando chegamos o tanatorio xa estaba todo listo, todo igual que no meu soño. Aquel día chorei moito, xa non só pola morte

do meu avó, senón tamén polo medo que me estaba corcomendo e pola rabia e impotencia que sentía por non poder facer nada. Nese velorio tiven ocasión de falar con Xosé Luís, o amigo de meu pai, sobre a santa compañia. El díxome:

-Non lle teñas medo porque aínda que llo teñas vai seguir aparecendo nos teus soños. Mira, se de verdade a ves, non te preocupes, non te estrañes, non te atormentes, nin te sintas culpable, mellor vaite familiarizando con ela, senón voste volver tola. Faite a idea de que non desaparecerá nunca da túa vida.

-¿Como fago para non atormentarme, para non tolear e para no sentirme culpable?, ¿Como?, ¿Por que morre a xente que eu vexo nos meus soños?

-Mira moza eu enténdote, eu pasei polo mesmo xa hai moitos anos, tamén tiven medo, atormenteime, e sentínme moi culpable. Pero un día entendín que eu non tiña a culpa de que se me aparecera, eu era dalgunha maneira o elixido. Tómate isto como unha virtude algo que ti tes e os demais non, nunca o tomes como algo malo. Sinto moito o do teu avó, era un gran home -Dixo Xosé Luís.

- Moitas grazas por todo Xosé Luís. Eu tamén sinto moito o do meu avó, e si que era un gran home. Dixen eu.

El marchou, e eu quedei alí rodeada de unha morea de xente descoñecida. Non sei se quedei aliviada, logo de falar con Xosé Luís, ou máis preocupada e nerviosa do que xa estaba. Supoño que con tranquilidade pero sen esquecer o que me roldaba pola cabeza.




Despois do enterro do meu avó volvíñ á miña casa; estaba moi cansa, porque levaba un día enteiro sen durmir. Ese día que despedín a meu avó foi moi duro para a miña familia e para min tamén, creo que miña nai, no fondo, me culpaba por non facer nada para salvar ó seu pai. Cando espertei ao día seguinte estaba moi relaxada, xa que esa noite durmira moi ben, sobre todo porque non soñara coa santa compañia.

Agora despois de moitos anos creo que por fin me fixen a idea de que eses soños non cesarían nunca, aínda que pasasen os anos. Xa deixei atrás a adolescencia, ese medo atroz a esa santa, aínda que se son sincera, algún medo aínda llo teño. O que nunca cesará será esa culpabilidade, pero se son quen de vivir soñando coa santa compañia, aprenderei a vivir coa culpabilidade, porque o fin e o cabo non é culpa miña.

Os soños, son só iso, soños, para ti,
porque para min, son a miña verdade,
algo que só coñezo eu,
e que ninguén pode entender.

Isto é o que me aconteceu a min, mellor dito, isto é o que me acontece a min, aínda hoxe despois de 50 anos. Non pretendo que ti entendas os motivos que tiveron para escribir este relato, porque non creo, que ti creas que o que che acabo de contar sexa certo. Pero, se o cres, só che vou dicir unha cousa:

-Non todo é o que parece.



M^a del Carmen González Fernández. 1º D

Nun bar calquera

Oes, ti? Viches hoxe o periódico?

Non, por que?

Logho, non sabes que mataron onte o negro que viña sempre cos *relós*? O amigo do das alfombras, non sabes?

Ai! E logho?, como o mataron, ho? Non lle facía mal a ninguén...

Ó carallo! " Non lle facía mal a ninguén", oíches? Mira, eu estou paghando por tomar este café, por ter unha casa, pór traballar... E os neghros eses veñen aquí e pensan que poden facer o que lle dea a ghana...

Eh!, que se veñen pra aquí é pra traballaren, ou, ti pensas que andan por aí facendo o que lle dá a ghana?

"Pra traballaren", si... Pra nos sacaren a nós o traballo, que é moi distinto!!! (moi enfadada)

Ai, "pra nos sacaren a nós o traballo". Logho ti tiñas pensado que o noso fillo fora vendedor de *relós* ou de alfombras? Ou que andara a recoller nas *fresas* coma un cabrón, por catro pesos?

Pero ti nunca víche-las listas do paro ou que?

Vin, muller, si... si que as vin. E ben que as vin, que eu tamén estiven no paro, ou, ti que pensas?, que todas somos unhas enchufadas coma ti?

Oíches?! Que eu non che son ningunha enchufada, que para poder estar onde estou tiven que "pasalas canutas", que non todo é tan fácil...! Claro... como eu son funcionaria e ti só ves o meu *sueldo* a fin de mes, xa pensas que non fago nada! Traballo, si; e moito. A ver, quen pensas que leva o control todo da Deputación? Pois esta señorita que está aquí, que, aínda que non o pareza, acaba tódolos días derreada...

Se tanto esforzo tiveches que facer e tan mal o pasas, por que non vas apañar nas *fresas*? Seica aí pode traballar calquera; nin fan falta estudos nin nada...

Mira, Charito, non me rompas a cabeza, que xa vai alá a media horiña do café e do cigarro de pola mañán. Eu marcho. Ata a hora de comer. (Bota a andar con paso decidido e firme).

Oes?, que nas *fresas* non tes por qué saír pra bota-lo cigarro, nin pra... Eil, Carmela, non me dás un bico? (Queda abaneando a cabeza ollando para Carmela).



María Magariños Casal. 2º E

A TELEBASURA

CARMEN- Ola, compañeiros, son Carmen, pero non Carmen Alcaide ou Carmen de Mairena senón Carmen González!!

EVA- Pois eu son Eva, pero non Eva Sanum; Eva Padín!!

CARMIÑA- E eu, Carmiña, pero non Carmiña Ordóñez senón... Carmen Sevilla!! "Ai, mis ovejitas"!!

CARMEN- Ben, pois, como xa é evidente, imos falar da *telebasura*.

EVA- Iso de tele diralo ti, que de tele, nada, pero de lixo... moito!!


CARMIÑA- "Eso, eso, tanta basura es mala para mis ovejitas"!!!

CARMEN- A ver, Eva, que entendes ti por *telebasura*?

EVA- Pois... mira. Empezando polo que non sabe ónde está o corazón e acabando polos que afirman que todo ten tomate pasando por esa noxenta salsa de color rosa... Merda, merda e máis merda!!

CARMIÑA- Tranquila, *fiera*!! Como se nota que nunca viches "Aquí hay tomate". Ui, ui, ui, que *fuerte*, que *fuerte*, que *fuerte* Carmen Alcaide!! *Sale a la luz la amante más deseada por Franco. En unos inutos en "Aquí hay tomate"...*

CARMEN- Eu non sei de qué falades, pero... tanta merda xa cheira!!!



EVA- Iso, iso, lixo é o que son; lixo e máis lixo, coma ti, Carmiña!!!

CARMIÑA- Que tes ti, eh, rapaza? Ti sabes a de cultura que difunden eses programas? Eh, "sabelotodo"?

EVA- Mira que che dou, eh...!!!

CARMEN- A ver, señoras, un pouquiño de porfavor!! Contra, que estamos aquí discutindo un tema moi importante para a Historia da Humanidade. E como lle toques a Carmiña, arréochelle!!!

EVA- Moita cunca de caldo que che queda por comer, bonitall!

CARMEN- E ti, moitas hostias que chupar...!!

CARMIÑA- Eeeeh!! Tranquiliñas, eh?... Pero, Carmen, ¿ti non eras tan moderada? Porque de Eva non esperaba menos... pero de ti!!
Formal como es...

CARMEN- Boa, si; pero parva, nooon...

CARMIÑA- Volvamos ao tema e tranquilicémonos un pouco, ho... A ver, Eva, que xa parecedes Victoria Beckham e Ana Obregón...

EVA- Si, somos esas, pero sen o macizorro de Beckham...

CARMEN- Ben, volvamos ao tema e esquezamos esta pequena disputa!

EVA- Nena, ti es parva ou caíches da póla?

CARMIÑA- Va que levas, he? Con Carmen non te metas, que non respondo!!

EVA- Sabes que che digo? Que máis vale pequena e aguda que grandes e burras!!

CARMIÑA- Ai, si? Plass! (Carmiña dálle unha lapada a Eva)

EVA- Mira, bonita, a min non me volvas tocar que che deixo o cu coma o teu querido tomate!!!

CARMEN- Vale, mozas, volvamos ao tema... Por certo, acábome de lembrar de todas esas "citas célebres" que sacamos da historia de "Gran Hermano" e da boca de moitos famosos!!

EVA- Si: quen me pon a perna enriba para que non levante cabeza...

CARMIÑA- Si, o certo é que é unha frase rara, rara, rara...

CARMEN- Pozí!!

CARMIÑA- Amparo?? Amparo??

EVA- Que pasa, Neng?

CARMEN- "A la mierda"!!

EVA- Váíase, señor Cuesta, váíase!!

CARMEN- Cuñaaaa...

CARMIÑA- "A jugar"!!

CARMEN- Pos va ser que no!

EVA- Veña, xa vale de parvadas, cambiemos o chip!

CARMEN- É certo. Teño unha dúbida: a que cheiran as nubes?

CARMIÑA- Facede favor!! Como estamos! A ver, rapazas, por que credes que existe a *telebasura*?


EVA- Pois... porque hai xente que pasa a atrde, a noite e o día en xeral vendo esas pallasadas.

CARMEN- Pois claro que si que é por iso! Se a xente non vise esas programas, sacaríanos.

CARMIÑA- Aínda que me doia, téñovos que dar a razón. Somos moitos os que nos entretemos vendo "A tu lado" polas tardes.

EVA- E cal credes que é a solución?

CARMEN- Pois que poñan programas culturais a esas horas!



CARMIÑA- Non, non. O problema é noso. Nós somos os que temos que cambiar; eu penso que lle subir a audiencias aos "Cuarenta Principales".


EVA- Si, é unha boa alternativa.

CARMEN- Abofé que si.

CARMIÑA- É increíble, as tres de acordo, parece que foi Deus.

EVA- Que deus, eh?

CARMEN- Pois o noso!



CARMIÑA- Non! Eu refírome a Alá!

EVA- Pero... ti que dis?

CARMEN- Está claro que só a música amansa as feras.

EVA- Pero ti de que música me falas?

CARMIÑA- Da dos "Cuarenta Principales"!

EVA- Pois os meus ídolos son O Fary e Juan Pardo.

CARMEN- Aínda por riba de pelona, parva!

CARMIÑA- E logo non che gusta tamén O Puma? Con iso das garras...!!

EVA- Onde estean a miña Tamara, Ámbar, Yurena... que se quite O Puma.

CARMIÑA- "No cambié, no cambié, no cambié! No cambié, no cambié, no cambié"!

EVA- Mira ti por qué empezou o Diluvio Universal.

CARMEN- Jo, pois os meus ídolos son Os Panchos.

EVA- Ai, claro: se eles che din "ven", ti déixalo todo!!

CARMIÑA- Pírate, colega...

CARMEN- Estádesme cansando, eh!

CARMIÑA E EVA- Larga, xa, que o público se vai!

CARMEN- Aí vos deixo, pelexos!! Eu marcho!! (vai cara á porta)

CARMIÑA E EVA- Lárgate xa!! Pesada!! Pelma, máis que pelma!!

CARMEN- Adeus (sae da escena)

EVA- Conclusión: a *telebasura* é iso, *basura*.

CARMIÑA- Con compañeiras coma estas, mellor consumir *telebasura*.

CARMEN- Con amigas así, quen quere amigas!!

EVA- Recomendámosvos os "Cuarenta Principales", que amansa as feras Carmiña e Carme, coma a ti!!!


**M^a del Carmen Bacariza Rey, M^a del Carmen González Fernández e
Eva Padín Gil. 1^o Bach. A**

Gañadoras do concurso Palabras en Liberdade deste curso.




BOB MARLEY

O mes de maio cumpríronse os vinte e cinco anos da morte de Marley, e segue sendo unha das iconas da música pop máis universais. Coñéceno dende África ata a aldea máis pequena de Xapón. Trala súa morte en 1981, a súa música difundíuse moito máis ca antes. A lenda de Marley superou moitas probas: á súa grande herdanza, que deu lugar a grandes litixios, a biografía escrita pola esposa, Rita Marley, que desvelou aspectos ingratos da súa personalidade. Porén, malia todo, a súa reputación sobreviviu case intacta.



Nos seus inicios con
The Wailers en 1966

Bob Marley naceu en Xamaica, no 1945, e deu os seus primeiros pasos na música co grupo The Wailers, antes nomeado The Rudeboys. A influencia de Bob aparecía cando cando cantaban cunha guitarra de pau. The Wailers gravou temas de Lenon, McCartney ou cancións como *Sugar Sugar*, o himno do "Chicle Pop". Atentaron contra a súa vida en 1976 na capital da illa, Kingstone, durante un concerto. Para se poñeren a salvo, deberon exiliarse durante un ano e medio.



No faro de Port Royal (Xamaica)

Bob foi un home comprometido coa paz, utilizando a música para iso, polo que se converteu nun "chamán" mundial. A crítica social ou o amor foron temas presentes nas súas letras.

Bob Marley deixounos un legado musical baseado nos espirituais da música negra e do reggae, ritmo propio de Xamaica, e aínda brilla con luz propia.

Clara Tobío Rey. 4º ESO

Foi lanzado mundialmente por Island Records. El xa levaba máis de dez anos gravando en Xamaica. Os seus discos máis coñecidos son *Soul Revolution* e *Soul Rebels*. Tamén *Exodus* cobrou moita sōna.

A súa paixón polo fútbol foi a causa indirecta da súa morte: unha lesión mal curada dexeneroulle nun cancro invencible.

Bob con rastas e a súa guitarra Gibson facendo xiras por todo o mundo



FRASES "PROFESORÍSTICAS"

Xa sabemos que vos dixeron que prestar atención aos profesores/as porque todo o que din é importante; pero, ás veces, é mellor non lles facer nin caso xa que por esas "sabias" bocas saen máis patacadas ca verdades. Eles/as xa se riron de nós durante o curso, mais agora chegou a hora da vinganza. Aproveitade e ride canto queirades!

ADVERTENCIA: estas frases non foron inventadas por nós nin pensadas por eles/as.




1. As persoas non nacemos aprendidas, nacemos esquecidas. FILOSOFÍA.
2. Facede o apartado b sen ler o enunciado. FÍSICA.
3. É moi sinxelo, pero a maioría non o ides entender. CASTELÁN.
4. Deixádeme concentrar, que non me chega o inglés á cabeza. INGLÉS.
5. Non sexades así, ou sodes do xénero "tonto"? MATEMÁTICAS.
6. Que vos parece o texto?, difícil ou complicado? FILOSOFÍA.
7. Un condensador é un chourizo infinito rodeado doutro chourizo infinito. FÍSICA.

8. De toda a clase, un aprobado. Non sei se é por defecto ou por exceso, pero tendes que buscar o equilibrio nas vosas masturbacións. TECNOLOXÍA.
9. Nunca mandei a ninguén con electrotecnicia para setembro, pero este ano xa o teño asumido. ELECTROTECNIA.
10. Se mañá facedes folga, avisádeme, que así xa non veño. DEBUXO.
11. Vemos unha árbore e só vemos quilos de madeira. Tedes que ver os seres tal como son. BIOLOXÍA.
12. Imos entrar na sociedade, pero non na prensa rosa. HISTORIA.
13. Luz mais luz igual a escuridade. FÍSICA.
14. $2x=3 > x=2/3$, pero... que hai detrás dese x ? MATEMÁTICAS.
15. As sonatas recollen catro fases da súa vida: xuventude, madurez e vellez. CASTELÁN.
16. A peregrinación tela que facer 50 km a pé ou 100 km andando. HISTORIA.
17. Señores, pensen coa cabeza, non cos pelos do cu. TECNOLOXÍA.
18. Stalin matou moita xente principalmente porque era mal home. BIOLOXÍA.
19. Non sabedes falar en silencio? FILOSOFÍA.
20. Se estades aquí obrigados polos vosos pais, non hai problema: eu falo con eles. GALEGO.
21. Non molestedes, ide fóra fumar un cigarro ou tomar un vermú. DEBUXO.
22. Now, go to "libro ghordo", please. INGLÉS.
23. A liberdade faite libre. FILOSOFÍA.
24. Corrixindo un exame: Alumno: Que me falta nesta pregunta? Profesor: A ti? A ti fáltache un sentido. HISTORIA.
25. Son as características da súa poesía, que vai ser? Unha receita de cociña? CASTELÁN.
26. En tempo de exames volvédevos acerebrados. HISTORIA.
27. (mirando dentro dunha caixa) Alumno: Todo iso son exames? Profesor: Non, aí teño un "pisito" de solteiro. HISTORIA.
28. Cando un ribosoma se volve suicida? BIOLOXÍA.
29. Henrique IV tivo que matar a Pedro... Pedro I, non o de Heidi. HISTORIA.

2º Bach.

EN CONTACTO CO UNIVERSO



O pasado 3 de outubro tivo lugar un acontecemento especial posto que non todos os días temos a sorte de observar unha eclipse anular de sol.


Este fenómeno ten lugar cando a Lúa se interpón entre o Sol e a Terra e proxecta a súa sombra ao longo dunha determinada zona moi próxima á superficie da Terra pero sen chegar a tocala, o que neste caso puido ser perfectamente visto desde aquí.

Esa mañá comezou coma calquera outra, co ritmo habitual das clases: cada profesor coa súa materia.

Cara ao remate da segunda hora decidimos abandonar as nosas tarefas e saír a gozar dese fenómeno que, coma moitos outros, nos regala a Natureza.

Fixemos un grupo bastante numeroso no patio, onde os campos de fútbol e baloncesto. Dende alí, e coa protección adecuada tanto para os ollos coma contra o frío que empezaba a facer ao estarmos en penumbra, contemplamos o fabuloso suceso. O que máis utilizamos foron as gafas pero tamén empregamos outros métodos, como lentes de soldadura e unha caixa de cartón cos furados axeitados para podermos observalo de forma segura proxectada no fondo da mesma. Foi un tempo non moi longo pero si interesante e divertido. Esperamos volver mirar a próxima eclipse no 2026. Para ese momento seguro que teremos outra experiencia que contar.

Isto foi o que puidemos observar:



Yessica Couselo Frieiro. 4º E.S.O.

ESPAZOS PROTEXIDOS GALEGOS



Cabo Vilán

1 PARQUE NACIONAL

Illas Atlánticas

6 PARQUES NATURAIS

Monte Aloia


Complexo Dunar de Corrubedo

Baixa Limia-Serra do Xurés

O Invernadoiro

Fragas do Eume

Serra da Encina da Lastra




Illas Cíes

4 MONUMENTOS NATURAIS

Fraga do Catasós · Souto da Retorta

Souto do Razabales · Costa de Dexo

Serra da Capelada




Illas Cíes

2 SITIOS NATURAIS DE INTERESE NACIONAL

A Curota

Estaca de Bares

**Pena Rubia,
nos Ancares**



5 HUMIDAIS INCLUÍDOS NO CONVENIO RAMSON

Lourido, Lagoa e Areal de Valdoviño

Ría de Ortigueira


Complexo Dunar de Corrubedo e Lagoa e Areal de Carregal e Vixán

Ría de Ribadeo

**Complexo intermareal Umia-O Grove, A Lanzada, Punta Carreirón
e Lagoa Bodeira**

María González Devesa. 4º da ESO.





E coa palabra
recuperar os camiños,
pórlle nome ó labirinto,
navegalo.

ANA ROMANÍ